

## **TÍTULO DA COMUNICACIÓN: PRESENTACIÓN DA PÁXINA WEB DA UPD “COSTA DA MORTE”**

Manuel Taibo, Rebeca Veiga, Natali Asorey, María José Castro, Álvaro Canosa.

UPD PACTO DE EMPREGO COSTA DA MORTE

**info@updcostadamorte.org**

### **INTRODUCCIÓN**

- ✚ A comunicación consistirá na promoción da futura páxina web da UPD Costa da Morte. A previsión é que a páxina web estea dispoñible no mes de marzo e tomará como referencia o blog que actualmente empregamos na UPD: [www.updcostadamorte.wordpress.com](http://www.updcostadamorte.wordpress.com)

### **OBXETIVOS**

- ✚ A intención é que a páxina web incorpore un servizo de bolsa de emprego, un espazo onde se poderán visualizar as ofertas de emprego publicadas no Servizo público de emprego, ofertas de emprego dos concellos da bisbarra, as ofertas publicadas nos distintos boletíns existentes en internet ou as ofertas de emprego das distintas institucións.
- ✚ Asimesmo, manterase o mapa de recursos elaborado polos técnicos da anterior UPD, dispoñible na actualidade no blog. En dito mapa recóllense os recursos vinculados ó emprego no ámbito de actuación territorial do pacto (administración pública, recursos de emprego, formación, recursos para a conciliación, servizos sociais e sanitarios, entidades de desenvolvemento supramunicipais, organizacións sindicais e empresariais e parques empresariais).
- ✚ O portal web da UPD pretende ser un punto de encontro onde se poida acceder a toda a actividade sociolaboral do territorio da Costa da Morte. A participación directa dos usuarios (sexan traballadores, empresarios ou persoas desempregadas) é crucial polo que se prevé activar na web espazos de a través dos cales se poderán enviar traballos, artigos, estudos, ofertas de emprego, etc.

### **CONTIDOS**

O pacto territorial de emprego da Costa da Morte está integrado polos concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas. Por iso se habilitaron uns enlaces na parte dereita da páxina para acceder directamente ás páxinas web de cada un dos concellos antes mencionados.

Ademais a páxina contén unha ligazon ás páxinas da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo, e das organizacións empresariais e sindicais intersectoriais máis representativas no ámbito da Comunidade Autónoma así como outras ligazóns a Diarios oficiais, medios de comunicacións e UPDs.

Ademais, na parte esquerda da páxina introducíronse 10 pestanas nas que se visualizan os seguintes apartados:

**A UPD:** Neste apartado suministramos información acerca da Unidade de Promoción e desenvolvemento da Costa da Morte. O Pacto territorial de emprego da Costa da Morte estrutúrase en torno á Asemblea Xeral e o Comité de Dirección, co apoio dunha comisión técnica, que se materializa nunha Unidade de Promoción e Desenvolvemento (*UPD Pacto Territorial de Emprego da Costa da Morte*). Coa creación deste espacoo web, a *UPD Pacto Territorial de Emprego da Costa da Morte* pretende difundir e dar a coñecer o traballo realizado desde esta Comisión Técnica.

**Novas:** Aquí os usuarios accederán a novidades que consideramos de importancia.

**Emprego:** Ofertas dos Servicios Públicos de Emprego do ámbito territorial da Costa da Morte e enlaces con boletíns de emprego.

**Reindus:** O Programa de Axudas para Actuacións de Reindustrialización do Ministerio de Industria, turismo e Comercio é un programa rexional que procura un desenvolvemento sostible do territorio a través da rexeneración e/ou creación de tecido industrial e actúa prioritariamente naquelas zonas desfavorecidas, fomentando a inversión tanto en infraestruturas industriais coma en iniciativas empresariais de carácter produtivo. A UPD Costa da Morte firmou un convenio de colaboración co

Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a difusión e baremación dos proxectos presentados na Costa da Morte.

**Recursos:** Dende a UPD pretendemos recoller os recursos que dalgún xeito están vinculados ó emprego no noso territorio (Administración pública, emprego, formación e recursos de concialiación).

**Estudos e Informes:** Estudos realizados polos técnicos da UPD de carácter xeral, datos de afiliación, e outros informes de paro rexistrado, sinistralidade,...

**Axudas e subvencións:** ligazóns co IGAPE e demais administracións que tramitan axudas.

**Ligazóns:** Unha ligazón á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo, e ás organizacións empresariais e sindicais intersectoriais máis representativas no ámbito da comunidade autónoma. Tamén se facilitarán outras ligazóns a Diarios oficiais, medios de comunicacións, UPDs, etc.

**Concellos:** Dende aquí tamén se poderá acceder ás paxina web dos concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

**Datos de contacto:** UPD “Costa da morte” Travesía Cabo Finisterra, 1 baixo, 15155 Fisterra. 981.706836.

[info@updcostadamorte.org](mailto:info@updcostadamorte.org)